

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA


da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de novembro de 2017

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e sete minutos do día trinta de novembro de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, SR. DON ÁNGEL TRABADA GÓMEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMENE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e catro concelleiros de feito dos vinte e cinco de dereito (vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito), incluída a presidenta.

Non asiste DONA MARÍA VICTORIA ESTEBAN RIESCO, que xustificou a súa ausencia. No transcurso da sesión auséntanse do Salón de Plenos os seguintes concelleiros: DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ, durante o asunto número 3/234; DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, durante o debate e votación do asunto número 6/227; DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, durante o debate e votación do asunto número 7/228; DONA



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, durante o debate e votación do asunto número 11/232; e abandona o salón de sesións antes de levantarse esta DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, que o fai cando se está a debater o asunto número 21/242.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno accidenta, don Justo Díaz Rodríguez, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

A) PARTE RESOLUTIVA

MEDIO AMBIENTE

1/222 DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL DE HORTOS URBANOS.- O Excmo. Concello Pleno adopta os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Tomar razón da aprobación definitiva da ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS HORTOS URBANOS, cuxo texto é como segue:

“ORDENANZA MUNICIPAL DE HORTOS URBANOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Lugo, como Administración máis próxima á cidadanía do noso municipio, a través da implantación dos hortos urbanos e a súa regulamentación por medio desta ordenanza pretende cumprir diversos obxectivos que se enmarcan dentro da protección ao medio ambiente, a mellora da calidade de vida das e dos seus habitantes, o reforzamento das relacións sociais entre todas e todos, o desenvolvemento da cultura do ocio, ou a propia mellora na calidade alimentaria que redunda indubidablemente no beneficio da saúde e das prácticas medioambientais relacionadas coa produción agrícola, obxectivos que, por outra banda, xa foran marcados pola Axenda 21 Local que no seu Plan de acción establece como programa a creación destes hortos.

Coa posta a disposición dos hortos urbanos dótase ao municipio dun espazo de convivencia social ao redor do cultivo individual de pequenas parcelas que á súa vez permiten a obtención de cultivos ecolóxicos para autoconsumo, baseado na utilización de técnicas respectuosas co medio ambiente que lles faciliten ás persoas en xeral, pero sobre todo a aquelas con escasos recursos, o acceso a hortos ecolóxicos cultivados por elas mesmas, favorecendo, ao mesmo tempo, a

integración e coexistencia entre as culturas do agro e da cidade que enmarcan a nosa identidade como cidade con fonda tradición rural.

Conforme ao disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta Ordenanza de hortos urbanos axústase aos principios conforme aos cales se exercerá a potestade regulamentaria, e en concreto:

- Ao principio de necesidade e eficacia, dado que poñer a disposición da cidadanía de Lugo hortos para o seu cultivo, darlle un uso sostible aos espazos públicos, a mellora do medio ambiente e calidade de vida das e dos veciños, e o desenvolvemento social, cultural e de ocio configúranse como razóns de interese real e xeral.
- Ao principio de proporcionalidade e seguridade xurídica, xa que ao tratarse de espazos públicos tense que regulamentar o seu uso, de xeito que todas e todos poidan acceder a eles, regulamentación que, ao mesmo tempo, é clara e facilmente comprensible para todas e todos.
- Ao principio de transparencia, xa que previamente á súa aprobación, e de conformidade co disposto no artigo 133 da *Lei 39/2015*, e co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración da norma, efectuouse unha consulta pública por prazo de quince días a través do portal de transparencia do Concello de Lugo co obxecto de que as persoas ou entidades interesadas puideran facer chegar as súas opinións sobre a necesidade, oportunidade, obxectivos e demais propostas da norma regulamentaria dos hortos urbanos. Abundan tamén neste principio os criterios obxectivos que se establecen para regulamentar o acceso ao uso e goce das parcelas por parte da cidadanía.
- Ao principio de eficiencia, xa que se trata de dar un uso sostible a espazos verdes da cidade coa necesaria intervención do Concello co obxecto de garantir os dereitos de todas as posibles persoas usuarias.

A través da Ordenanza dos hortos urbanos regúlase o réxime aplicable á utilización e xestión das parcelas destinadas a hortos urbanos, co fin de establecer o procedemento a seguir para a súa adxudicación, os criterios xerais de selección aplicables, os dereitos e deberes das persoas beneficiarias e as posibles infraccións e sancións que unha conduta incorrecta ou negligente poida ocasionar, dando soporte xurídico ao uso e goce dos ditos espazos.

▪ Índice

TÍTULO I

Regras xerais

3



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

- Artigo 1. *Obxecto da ordenanza.*
- Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*
- Artigo 3. *Obxectivos dos hortos urbanos.*
- Artigo 4. *Principios xerais de uso.*
- Artigo 5. *Réxime xurídico.*
- Artigo 6. *Financiamento.*

TÍTULO II

Procedemento de adxudicación

- Artigo 7. *Réxime procedementa.*
- Artigo 8. *Requisitos para ser persoa beneficiaria.*
- Artigo 9. *Procedemento de concesión das autorizacións.*
- Artigo 10. *Temporalidade das autorizacións.*
- Artigo 11. *Novas adxudicacións.*
- Artigo 12. *Transmisibilidade das autorizacións.*
- Artigo 13. *Extinción das autorizacións e perda da condición de persoa usuaria.*

TÍTULO III

Condicións de uso e aproveitamento

- Artigo 14. *Condicións xerais de uso.*
- Artigo 15. *Aproveitamento da terra.*
- Artigo 16. *Facultades da persoa adxudicataria*
- Artigo 17. *Destino da terra.*
- Artigo 18. *Compromisos de agricultura ecolóxica.*
- Artigo 19. *Hortos*
- Artigo 20. *Uso dos fertilizantes e produtos fitosanitarios.*
- Artigo 21. *Contaminación de solos.*
- Artigo 22. *Condicións para a rega.*
- Artigo 23. *Tratamento de residuos.*
- Artigo 24. *Destino dos froitos da terra.*
- Artigo 25. *Gastos de mantemento.*
- Artigo 26. *Inventario de materiais.*
- Artigo 27. *Educación ambiental.*

TÍTULO IV

Réxime de responsabilidade

- Artigo 28. *Responsabilidade por danos.*
- Artigo 29. *Prexuízos a terceiras persoas.*



Artigo 30. *Indemnización por danos e perdas.*

Artigo 31. *Restauración ao estado de orixe.*

TÍTULO V

Organización dos hortos urbanos

Artigo 32. *Órganos e persoal adscrito á xestión dos hortos urbanos.*

Artigo 33. *Comisión técnica de seguimento.*

Artigo 34. *Persoal técnico.*

TÍTULO VI

Réxime disciplinario

Artigo 35. *Regras xerais.*

Artigo 36. *Inspección.*

Artigo 37. *Protección da legalidade.*

Artigo 38. *Infraccións.*

Artigo 39. *Sancións.*

Artigo 40. *Procedemento sancionador.*

TÍTULO I

Regras xerais

Artigo 1. *Obxecto da ordenanza*

1.- Esta ordenanza ten por obxecto a determinación das condicións necesarias destinadas a regulamentar o uso, goce e aproveitamento das parcelas en que se constitúen os hortos urbanos municipais.

2.- É ademais obxecto desta ordenanza o establecemento do procedemento encamiñado á adxudicación de uso das distintas parcelas situadas nos hortos a favor das persoas residentes do municipio que cumpran coas condicións establecidas no seu artigo 8.

3.- Ao mesmo tempo, constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do réxime disciplinario, establecendo as infraccións e posibles sancións que se poidan impoñer sobre aquelas persoas cesionarias do uso dos hortos, que resulten responsables por condutas contrarias ao disposto por esta norma.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

1.- O ámbito de aplicación da ordenanza abarca todos aqueles terreos ou parcelas municipais sobre os cales se vaian situar os hortos urbanos, salvo que estean suxeitas a outro réxime específico.

2.- En canto ao ámbito subxectivo, a regulamentación contida nesta norma será de aplicación a todas e todos aqueles residentes no municipio de Lugo que poidan optar ao uso, goce e aproveitamento dos hortos urbanos deste Concello.

Artigo 3. *Obxectivos dos hortos urbanos*

O programa municipal de hortos urbanos ten os seguintes obxectivos:

- a) Ofrecer un espazo de lecer e actividades para as persoas. Serán prioritarios colectivos como maiores, desempregadas/as, mozas/os, etc., do municipio.
- b) Recuperar espazos urbanos para uso público que se encontren inutilizados ou carentes de aproveitamento.
- c) Fomentar a participación cidadá e o desenvolvemento sostible, xerando espazos de biodiversidade.
- d) Formular políticas municipais de sostibilidade, compatibilizando o desenvolvemento humano co contorno ambiental como peza clave.
- e) Implicar ao goberno local e á cidadanía na conservación da biodiversidade a través da recuperación e posta en valor das especies hortícolas autóctonas e tradicionais.
- f) Promover as boas prácticas ambientais de cultivo: xestión dos residuos, costumes da agricultura ecolóxica, recuperación dos usos e costumes da agricultura tradicional, etc.
- g) Potenciar o carácter educativo e lúdico dos hortos.
- h) Establecer e valorar as relacións entre o medio natural e as actividades humanas.
- i) Promover unha alimentación sa e cambios nos hábitos, de cara a facelos máis saudables.
- l) Impulsar un maior coñecemento e respecto polo medio ambiente.
- m) Promover as relacións e o intercambio interxeneracional e intercultural a través das actividades con colexios.
- n) Promover espazos de encontro e socialización da veciñanza.
- o) Concienciar á poboación na produción e consumo de produtos locais e ecolóxicos.

Todo isto de acordo cos obxectivos marcados pola Axenda 21 Local, que, no seu Plan de acción, establece como programa a creación destes hortos.

Artigo 4. *Principios xerais de uso*

1.- Principio de conservación e mantemento: será obriga principal da persoa usuaria dos hortos urbanos a adecuada conservación e mantemento das



instalacións que se lle cedan. Deberase aplicar a debida dilixencia no seu uso, mantendo a súa hixiene e salubridade. Non se poderá modificar a composición bioquímica ou estrutural da terra por aportes externos, salvo por fertilizantes orgánicos ou por materiais expresamente autorizados pola ou polo cedente. Ademais, deberá darlle coñecemento á autoridade municipal de calquera usurpación que se produza sobre a porción de terreo da que sexa concesionaria ou concesionario.

2.- Principio de respecto no uso das instalacións: toda persoa que sexa concesionaria dun horto urbano deberá evitar molestias, danos e perdas ás demais persoas que foran beneficiarias doutras parcelas.

3.- Principio de non comercialización: as persoas concesionarias dos hortos terán prohibido dedicar o seu cultivo para fins comerciais ou de explotación económica.

4.- Principio de abastecemento: os froitos da terra, que se orixinen pola sementeira dos hortos, unicamente poderán ser obxecto de consumo propio ou familiar, sen que se poidan destinar a percibir rendementos económicos, como quedou expresado anteriormente.

5.- Principio de prevención ambiental: as persoas beneficiarias do uso dos hortos coidarán de non utilizar fertilizantes orgánicos e fertilizantes químicos nin produtos fitosanitarios que poidan provocar un grave prexuízo sobre a terra, contaminándoa ou sobre os acuíferos que poidan existir.

6.- Principio de integración, socialización e cohesión social: os hortos urbanos teñen un importante valor social entre as persoas usuarias, xa que lles permite ocupar o seu tempo, favorecendo a creación dun tecido de novas relacións e melloran a súa calidade de vida mediante a actividade física, moi positiva para a súa saúde.

Artigo 5. Réxime xurídico

1.- O réxime que se aplicará á adxudicación, posesión e goce dos hortos de ocio será o previsto nesta ordenanza.

2.- Subsidiariamente aplicaranse as normas contidas na seguinte normativa básica:

- a) Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (capítulo I, título IV)
- b) Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas.
- c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

- d) Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- f) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- g) Real decreto 1372/1986, do 15 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Artigo 6.- *Financiamento*

1.- A concesión das autorizacións municipais que se outorguen sobre os hortos urbanos estará suxeita ao pagamento das taxas establecidas na correspondente ordenanza fiscal do Concello de Lugo.

2.- Sen prexuízo diso, e no suposto de que as circunstancias o aconsellasen, en función dos custos soportados polo Concello en canto á xestión dos hortos urbanos, o órgano local competente poderá acordar a posible repercusión dalgún tipo de gasto alleo ao cálculo da taxa nas persoas beneficiarias do uso e goce dos hortos.

3.- Sen prexuízo do anterior, as persoas beneficiarias dos hortos urbanos serán responsables do seu mantemento e dos gastos que del se deriven na forma prevista no artigo 24 desta ordenanza.

TÍTULO II

Procedemento de adxudicación

Artigo 7. *Réxime procedemental*

1.- De conformidade co establecido no artigo 75.1. apartado b) do Real decreto 1372/1986, do 15 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, o uso dos hortos urbanos consiste nun uso común especial.

2.- Por todo isto, e de acordo co disposto no artigo 77.1 do antedito real decreto, será necesario o outorgamento da autorización municipal para a adquisición da condición de persoa beneficiaria ou concesionaria dos hortos urbanos.

A dita autorización, como prevé o apartado segundo deste mesmo artigo, concederase en réxime de concorrencia, de conformidade co procedemento establecido nesta ordenanza.

Artigo 8. *Requisitos para ser persoa beneficiaria*



1.- Poderán ser beneficiarias e beneficiarios das autorizacións municipais de ocupación dos hortos urbanos as persoas empadroadas no municipio de Lugo que, efectivamente, residan na localidade, e que cumpran ademais cos seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física maior de idade
- b) Encontrarse capacitada/o fisicamente para a realización dos labores agrarios para desenvolver no horto.
- c) Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Lugo.
- d) Non estar en posesión, tanto a persoa solicitante coma a ou o seu cónxuxe, doutra parcela comprendida nos hortos urbanos.
- e) Terán preferencia as persoas que non posúan outras parcelas agrícolas ou non sexan donas doutros terreos de natureza rústica no concello de Lugo que sexan aptos para actividades agrarias.
- f) Non ter sido sancionada/o por razón de posesión anterior de hortos urbanos, ou ter sido privada/o da parcela da que fora adxudicataria/o.
- g) Non ter sido beneficiaria/o da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior a esta, salvo que houbese insuficiencia de solicitudes nesta.
- h) Así mesmo, terán preferencia para ser persoas beneficiarias do uso e goce dos hortos urbanos aquelas persoas desempregadas, pensionistas, as que teñan menor capacidade adquisitiva e menor patrimonio persoal, para o cal, na convocatoria oportuna, se esixirá, de ser o caso, que se acrediten documentalmente estes aspectos.

2.- Excepcionalmente, sempre que non houbese un número suficiente de solicitudes, poderán ser beneficiarias do uso e goce dos hortos aquelas persoas residentes de forma temporal no municipio, que non se atopen empadroadas nel.

3.- Poderase permitir o acceso e uso dos hortos urbanos a outras persoas a través da sinatura de convenios específicos de colaboración con entidades de carácter social ou educacional sen ánimo de lucro.

Artigo 9. *Procedemento de concesión das autorizacións*

1.- O procedemento aplicable ao outorgamento das autorizacións que habiliten para a ocupación dos hortos urbanos, e faculten para o seu uso, será en réxime de concorrencia, dado o número limitado das parcelas.

2.- O procedemento para o outorgamento das autorizacións que habiliten para a ocupación dos hortos urbanos, e faculten para o seu uso e goce, iniciárase mediante convocatoria pública que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos do Concello, así como na súa páxina web.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

3.- A persoa interesada na adxudicación dos hortos urbanos deberá presentar solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, no modelo normalizado de instancia que para tales efectos se facilitará.

A solicitude deberase acompañar, ademais dos documentos que se esixan no modelo normalizado, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- b) Unha fotografía recente tamaño carné.
- c) Declaración xurada ou certificado médico de capacidade física para a realización de labores agrarios.
- d) Declaración xurada que acredite o cumprimento do requisito establecido na letra e) do apartado 1 do artigo 8 desta ordenanza.
- e) Os documentos que para os efectos de valoración se sinalen na respectiva convocatoria.

4.- O prazo para a presentación das solicitudes será o determinado na correspondente convocatoria que, en ningún caso, será inferior a 15 días naturais.

5.- Unha vez finalizado o prazo anterior, e corrixidas, se é o caso, as solicitudes que non foran completas, iniciarase unha fase de instrución na que se analizarán as solicitudes presentadas e o cumprimento dos requisitos esixidos. Daráselles audiencia ás persoas interesadas se resultase necesario para a determinación da valoración das peticións presentadas e, en caso de que existise dúbida, sobre o cumprimento dalgún dos ditos requisitos.

6.- A valoración das solicitudes presentadas realizarase conforme aos criterios e baremo establecidos na correspondente convocatoria.

7.- Ultimada a fase anterior, e valoradas as distintas solicitudes, exporase ao público a resolución provisional, que conterá a relación de persoas inicialmente admitidas. Poderán presentarse por parte destas reclamacións contra a dita resolución, no prazo de dez días naturais, contados dende o día seguinte á súa exposición no Taboleiro de Edictos.

Rematado o devandito prazo, e resoltas, se é o caso, as reclamacións recibidas, o órgano que posúe a competencia para resolver o procedemento ditará resolución definitiva, que será publicada no Taboleiro de Edictos do Concello e notificada individualmente ás persoas que resultaran beneficiarias.

8.- A autorización municipal que se lles conceda ás persoas adxudicatarias terá carácter persoal e deberá especificar os seguintes aspectos:

- a) Finalidade para a que se concede o uso sobre os hortos.



- b) Superficie, localización e número de parcela.
- c) Dereitos e obrigas que correspondan ás persoas adxudicatarias en función do disposto nesta ordenanza.
- d) Vixencia da autorización, duración da facultade de uso sobre o horto.

9.- A resolución administrativa ditada polo órgano local competente pola que se adxudiquen os hortos urbanos porá fin á vía administrativa. Contra a dita resolución administrativa, caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, ou, se é seu caso, recurso contencioso-administrativo, todo iso de conformidade ao disposto nos artigos 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa, respectivamente.

10.- Aquelas persoas que, por menor valoración da súa solicitude, non resultaran beneficiarias da adxudicación dalgún horto urbano, pasarán a integrar unha bolsa de suplentes, en función da valoración que tiveran na fase de instrución.

Nos casos de renuncia ou perda do dereito outorgado a través da concesión da autorización de ocupación para o uso e goce dos hortos urbanos, realizarase un chamamento á ou ao seguinte candidato segundo a orde que ocupara na bolsa referida.

A vixencia da bolsa manterase ata a nova convocatoria do procedemento de adxudicación dos hortos, que levará consigo unha nova bolsa de suplentes resultante do antedito proceso, e manterase, non obstante, aberta á incorporación, por orde de presentación de solicitudes, a todas aquelas persoas que, fóra de prazo, soliciten ser beneficiarias do uso ou goce dos hortos urbanos e reúnan os requisitos esixidos nesta ordenanza.

No suposto de ausencia de suplentes na bolsa vixente ata o seguinte proceso de concesión de autorizacións, poderase acordar a realización dun procedemento extraordinario polo período que quede de vixencia das autorizacións.

Artigo 10. *Temporalidade das autorizacións*

1.- As autorizacións que habiliten para o uso e goce do dominio público sobre o que se asenten os hortos urbanos serán en todo caso temporais.

2.- O órgano local que resulte competente en cada caso poderá deixar sen vixencia as citadas autorizacións, se se incumprisen as condicións que motivaron a súa concesión ou as obrigas que recaían sobre as persoas adxudicatarias, mencionadas nos artigos 14 e 15 desta ordenanza.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

3.- A vixencia das autorizacións será de dous anos vexetativos.

Artigo 11. *Novas adxudicacións*

1.- En función das renuncias, baixas, revogacións de autorizacións ou calquera outra causa que, de conformidade con esta ordenanza, determinase a perda do dereito ao uso e goce dos hortos urbanos, poderase acordar unha nova adxudicación da autorización a favor doutra persoa, de acordo co disposto no parágrafo seguinte deste artigo.

2.- No suposto de que se constituíse unha bolsa de suplentes dentro do procedemento de adxudicación dos hortos, aquelas baixas, cubriranse segundo a orde que ocupase cada persoa na referida bolsa que se formará conforme ao procedemento sinalado no artigo 9, parágrafo 9 desta ordenanza.

Artigo 12. *Transmisibilidade das autorizacións*

As autorizacións que concedan o dereito ao uso dos hortos urbanos non serán transmisibles a terceiras persoas.

Artigo 13. *Extinción das autorizacións e perda da condición de persoa usuaria*

1.- As autorizacións que o Concello conceda para a adxudicación dos hortos, extinguiranse, tras o expediente instruído para o efecto, polas causas seguintes:

- a) Polo vencemento do prazo.
- b) Pola perda física ou xurídica do ben sobre o que foron outorgadas.
- c) Pola desafectación do ben.
- d) Pola aprobación de calquera plan de desenvolvemento urbanístico ou de infraestruturas por parte do Concello de Lugo ou doutra Administración pública, que comporte a implantación de calquera dotación pública sobre os terreos destinados a hortos urbanos. Nestes casos, a aprobación do referido plan implicará a declaración de utilidade pública ou interese social, para os efectos de deixar sen vixencia os títulos habilitantes para o uso dos terreos demaniais.
- e) Por mutuo acordo.
- f) Por resolución xudicial
- g) Por desistencia ou renuncia ao seu dereito presentada pola persoa beneficiaria do uso do horto ante o Concello de Lugo.
- h) Por defunción ou enfermidade que incapacite á persoa usuaria para desenvolver os labores propios do horto.
- i) Por caducidade.



2.- Así mesmo, determinarán a perda da condición de persoa usuaria dos hortos urbanos do Concello de Lugo e, consecuentemente, do dereito ao uso común especial do que viñan gozando, tras a instrución de expediente de revogación, as seguintes causas:

- a) Perda da condición de veciña ou veciño do municipio de Lugo.
- b) Desaparición sobrevida dos requisitos do artigo 8 que motivaron a adxudicación.
- c) Concorrenza de calquera das incompatibilidades ou prohibicións detalladas nesta ordenanza.
- d) Utilización do horto para usos ou finalidades distintas das establecidas nos artigos 15 e 17 desta ordenanza.
- e) Incumprimento das normas básicas de convivencia, relacións de veciñanza ou conduta insolidaria para coas demais persoas usuarias dos hortos urbanos.
- f) Imposición dunha sanción por falta grave ou moi grave cando se determine expresamente na correspondente resolución sancionadora que a imposición da sanción leva aparelhada a revogación da autorización.
- g) O incumprimento das obrigas e disposicións contidas nesta ordenanza ou na resolución pola que se conceda a correspondente autorización e, en particular, os incumprimentos seguintes:

- Tratamento non ecolóxico da terra e todos os elementos de produción.
- Destinar os produtos horticolas á distribución ou venda de calquera tipo.
- Destinar os hortos a especies arbóreas ou usos distintos á horticultura e empregar estruturas permanentes neles, tales como casetas, caixas de ferramentas, espantallos, etc., e/ou calquera tipo de construción non autorizada pola Administración.
- O abandono voluntario e inxustificado da parcela por un período dun mes ou o seu cultivo parcial de forma continuada sen que exista causa xustificada.
- Manter a parcela en estado de insalubridade, sucidade así como facer lume ou utilizar calquera método de combustión.
- Subtraer produtos ou materiais doutra horta da que non sexa persoa adxudicataria.
- Incumprimento das normas de uso que poidan aprobarse.
- Cesión da autorización de uso do horto.

3.- A extinción da autorización nos supostos indicados nos apartados anteriores require resolución administrativa logo da tramitación do expediente correspondente. É por iso que, advertida a causa que poida dar lugar á revogación ou extinción, o Concello incoará expediente para o efecto, o cal será de carácter sancionador no caso de que se cometese algunha infracción tipificada nesta ordenanza que levara aparelhada a revogación da autorización municipal. Iniciado o procedemento, notificaráselle á persoa interesada a causa extintiva ou revogatoria.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

4.- A continuación, abrírase a fase instrutora, con audiencia da persoa interesada para os efectos da presentación das alegacións que considere oportunas. Tras solicitude da persoa interesada ou de oficio polo Concello, e se se considera necesario, abrírase un período de proba por un prazo de dez días.

5.- Antes de formular a proposta de resolución, daráselle audiencia á persoa interesada por un prazo de dez días, para que presente os documentos ou realice as alegacións que estime oportunas.

Tras iso, o órgano local competente ditará resolución, na que se acordará a extinción ou revogación da autorización ou, se é o caso, se se estimaran as alegacións formuladas ou baseándose nas probas practicadas, confirmarase o dereito da persoa interesada ao uso e goce da parcela de terreo que corresponda.

6.- A perda da condición de persoa usuaria non dará lugar, en ningún caso, ao recoñecemento de indemnización ningunha ao seu favor.

TÍTULO III

Condicións de uso e aproveitamento


Artigo 14. Condicións xerais de uso

1.- As persoas adxudicatarias do uso dos hortos urbanos estarán obrigadas ao cumprimento das seguintes condicións en relación coa utilización e goce que realicen sobre eles:

- a) Como regra xeral, deberán respectar todos os aspectos recollidos nesta ordenanza que atinxen ao uso que se desenvolve nos hortos.
- b) Destinar o horto ao cultivo e plantación daquelas especies vexetais propiamente horticolas que, se é o caso, queden concretadas na autorización que se lles conceda ás persoas adxudicatarias.
- c) Manter as instalacións que se ceden para o uso nas mesmas condicións que se entreguen, aplicando a debida dilixencia.
- d) Custodiar os bens que se entregan en concepto de uso. Deberán darlle coñecemento ao Concello de calquera incidencia que afecte aos hortos ou instalacións, xa proveñan das e dos demais usuarios, xa de terceiras persoas, alleas ao uso dos hortos.
- e) Entregar os terreos e demais instalacións, unha vez que finalice o prazo da autorización, en condicións aptas para o seu goce por novas persoas adxudicatarias.



- f) Impedir o paso ás instalacións de calquera persoa allea a estas, salvo que vaia acompañada da persoa titular da autorización e con consentimento desta.
- g) Manter a mesma estrutura e superficie da parcela que se cede en orixe. Non poderá facer ningún tipo de obra ou cerramento que non fora previamente autorizado polo órgano competente do Concello. Así mesmo, deberá absterse a persoa titular da instalación de realizar ou instalar calquera tipo de elemento que non se destine especificamente ao cultivo da terra, tal como grellas, pendellos ou casetas, espantallos, aparatos sonoros, etc.
- h) Evitará causar molestias ás demais persoas usuarias dos hortos, e absterase da utilización de aparellos que puidesen provocarlles danos ou lesións.
- i) Evitará o uso de substancias destinadas ao cultivo, que poidan provocar grave contaminación do solo.
- l) Impedir a presenza de animais nos hortos.
- m) Non abandonar o cultivo ou uso dos hortos. No caso de impedimento para iso, deberá comunicarllo ao Concello no prazo máis breve posible.
- n) Non ceder o uso dos hortos a terceiras persoas. Non obstante, a persoa titular da autorización poderá ter axuda doutras e doutros familiares nos labores de apoio ao cultivo e mantemento, sen que se permita en ningún caso a subrogación doutras persoas no lugar da persoa adxudicataria.
- o) Impedir o paso de vehículos de tracción mecánica ao interior dos hortos urbanos que non sexan destinados estritamente para o cultivo dos hortos.
- p) Evitar o depósito ou acumulación de materiais ou ferramenta sobre os hortos que non sexan destinados estritamente para o cultivo da terra.
- q) Realizar a rega da parcela cos medios que o Concello poña a disposición, e non poderán utilizarse aspersores ou outros medios que poidan invadir outros hortos lindeiros. Evitarase en calquera caso malgastar a auga ou a utilización de métodos de rega que provoquen un consumo anormal da auga dispoñible.
- r) Non abandonar o cultivo ou uso dos hortos. A persoa adxudicataria ten a obriga de realizar puntualmente todas as actividades relacionadas co cultivo do horto, e perderá o seu dereito se se detecta un abandono da parcela por causas inxustificadas. Considerarase que un horto está abandonado cando sexa evidente a falta de coidados dos cultivos implantados, ou ben o 50 % da superficie se atope ocupada por herbas silvestres, ou ben a abundancia de pragas ou parasitos supoñan un risco para a saúde dos cultivos das parcelas lindeiras. Cando un horto estea en situación de abandono, a persoa usuaria, unha vez avisada, disporá dun prazo de sete días naturais para o seu acondicionamento. Transcorrido o dito prazo sen que por parte da persoa adxudicataria se cumprise co requirimento de adecentamento, o Concello de Lugo, con cargo á dita persoa usuaria, procederá á roza sen dereito a indemnización ningunha.
- s) Propiciarase a compostaxe das materias orgánicas procedentes dos diferentes hortos. A tal fin establécese a obriga de compostar mediante compostadores comunitarios que dean servizo ao conxunto dos hortos ou/e directamente en cada parcela.



t) Se as condicións físicas e de aptitude da persoa adxudicataria, que a capacitan para desenvolver o traballo no horto, empeorasen pola existencia dalgunha enfermidade ou patoloxía grave que a incapacite para o traballo no horto, esta circunstancia deberá ser comunicada de inmediato ao Concello.

2.- O incumprimento de calquera das anteriores condicións por parte da persoa titular da autorización dará lugar á súa revogación.

Artigo 15. *Aproveitamento da terra*

1.- Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, o aproveitamento dos hortos urbanos deberase suxeitar ás seguintes normas:

- a) Non se permitirá o cultivo de especies vexetais ou plantas que provoquen unha deterioración da terra, do solo ou do subsolo.
- b) Así mesmo, a persoa usuaria coidarase de non plantar especies exóticas ou psicotrópicas, cuxo cultivo ou sementeira non estivera permitido pola lei.
- c) Igualmente, non estará permitida a plantación de especies arbóreas, incluídas as froiteiras.
- d) Non se poderán instalar invernadoiros salvo os que autorice expresamente o persoal técnico encargado dos hortos urbanos.
- e) Prohíbese a queima de pastos ou restos dos cultivos nos hortos, así como a xeración de calquera tipo de lume dentro do recinto dos hortos urbanos.
- f) Prohíbese facer verteduras sobre os demais hortos ou depositar restos de roza ou limpeza neles.
- g) O aproveitamento que lles corresponde ás persoas usuarias dos hortos comprende o rendemento das especies vexetais que cultivaran neles, é dicir, os froitos derivados daquelas.

2.- O incumprimento de calquera das anteriores normas por parte da persoa titular da autorización dará lugar á súa revogación.

Artigo 16. *Facultades da persoa adxudicataria*

1.- Son facultades das persoas que resultasen adxudicatarias no procedemento de concesión das autorizacións as de posuír a terra e demais elementos que conformen o horto urbano, en concepto de persoa usuaria.

2.- As ditas facultades concretaranse no uso, goce e aproveitamento da terra, comportando o seu labrado, a sementeira e plantación, o seu coidado e mantemento, a súa rega, fertilizado e uso das ferramentas precisas, así como das instalacións que se encontren no horto, a disposición dos froitos e cantas outras facultades se entendan incluídas polo destino e natureza do ben que se cede.



3.- As facultades expresadas neste artigo unicamente lle corresponderán á persoa titular da autorización, sen prexuízo de que se acompañe doutras persoas que lle axuden nas tarefas de apoio ao cultivo, así como da colaboración que presten ás e aos demais horticultores.

Artigo 17. *Destino da terra*

1.- Os hortos urbanos deberanse destinar ao cultivo de especies vexetais que sexan tipicamente horticolas. Deste modo, quedará prohibida a plantación doutras plantas ou cultivos que lle correspondan á agricultura extensiva.

2.- Deberán predominar os cultivos horticolas propios da zona, isto é: plantas comestibles de tradición hortícola, plantas aromáticas e medicinais ou outras plantacións cando contén con autorización expresa, deberá descartarse outro tipo de plantacións que requiran dun coidado especial ou condicións tales que fagan necesaria a instalación de invernadoiros.

3.- No acto polo que se acorda a convocatoria de hortos urbanos, poderanse especificar en detalle que tipo de cultivo debe predominar ou a que se debe destinar o uso dos hortos. No caso contrario, o mesmo acto da autorización que habilite para o uso poderá igualmente fixar ou concretar tales aspectos.

Artigo 18. *Compromisos de agricultura ecolóxica*

1.- Tratando de respectar os procesos biolóxicos da natureza, recuperando métodos tradicionais de cultivo e incorporando os avances científicos, a agricultura para desenvolver será ecolóxica. Prescínlese, polo tanto, de produtos químicos de síntese, e promóvese o cultivo baseado no manexo da biodiversidade.

2.- O compromiso coa agricultura ecolóxica implica a fertilización orgánica da parcela, o uso de sementes ecolóxicas e de variedades locais, así como a rotación e asociación de cultivos, prohibese o uso de produtos químicos (fertilización orgánica de síntese, fitosanitarios como praguicidas, fungicidas, acaricidas, insecticidas así como herbicidas de síntese ou as sementes tratadas).

3.- O cultivo ecolóxico para desenvolver debe servir como exemplo de prácticas de produción e consumo sostíbeis.

Artigo 19. *Hortos*

1.- O uso que lles corresponde ás persoas beneficiarias das autorizacións deberá practicarse dentro dos horarios establecidos.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

2.- O horario autorizado, con carácter xeral, sen prexuízo das limitacións que poidan establecerse, será o diúrno, de maneira que se poida traballar coa luz natural.

3.- Non obstante o anterior, a autorización ou calquera acto posterior ditado polo órgano competente, poderá, dadas as circunstancias que o motiven, modificar os horarios establecidos con carácter xeral.

4.- As distintas persoas usuarias dos hortos deberanse ater de forma estrita aos horarios establecidos en canto á apertura e ao peche dos hortos. Poderá ser causa de revogación da correspondente autorización o incumprimento reiterado dos horarios.

Artigo 20. *Uso dos fertilizantes e produtos fitosanitarios*

1.- As persoas beneficiarias do uso dos hortos coidaranse de non utilizar fertilizantes nin produtos fitosanitarios que contaminen ou entrañen risco de provocar un grave prexuízo sobre a terra, as augas superficiais e os acuíferos, ou que poidan emitir partículas indesexables á atmosfera, que poidan provocar danos tanto á fauna como á flora circundante ou ás persoas do lugar.

2.- Na medida do posible, usaranse remedios naturais contra as pragas e enfermidades e fertilizarase a terra con regularidade con materia orgánica previamente descomposta (compost, esterco, restos orgánicos, etc.) no canto de fertilizantes artificiais.

3.- Soamente se poderán empregar os produtos autorizados na normativa que regule a agricultura ecolóxica (actualmente o Regulamento CEE 834/2007 ou norma que o substitúa). Valorarase a minimización do uso de produtos comerciais a favor de formas naturais de cultivar baseadas no manexo da biodiversidade.

Artigo 21. *Contaminación de solos*

1.- En concordancia co sinalado nos artigos anteriores, evitase a utilización de produtos químicos que poidan contaminar o terreo, tales como os fertilizantes, praguicidas, herbicidas e demais fertilizantes químicos que sexan danos para o solo, así como para os propios cultivos.

2.- Non se poderán utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o solo. Igualmente, queda terminantemente prohibido realizar calquera vertedura de produtos contaminantes sobre a terra que poidan provocar un dano grave ao solo. En tales casos, poderase orixinar unha responsabilidade, incluso penal, da persoa responsable da vertedura.



Artigo 22. *Condicións para a rega*

- 1.- As persoas titulares do uso dos hortos deberán utilizar os medios para a rega que se poñan á súa disposición dentro das instalacións situadas nos hortos urbanos.
- 2.- Non se poderán utilizar outros elementos distintos aos existentes ou dispoñibles, salvo que o autorice a ou o técnico competente do Concello. Queda prohibida a rega con aspersores ou outros medios que poidan invadir os hortos lindeiros.
- 3.- Evitarase, en calquera caso, malgastar a auga ou a utilización de métodos de rega que provoquen un consumo anormal de auga. Pode ser causa de revogación da autorización a conduta contraria.
- 4.- Queda prohibida a traída de auga dende calquera outro punto que non se encontre habilitado para o efecto para a rega nos hortos, salvo a auga envasada que a persoa usuaria traslade dende o seu domicilio ou fontes públicas.
- 5.- O Concello poderá dispoñer, a través da correspondente ordenanza fiscal e naquelas circunstancias que así se aconselle, a imposición do pagamento dun canon de aproveitamento de augas sobre as e os usuarios dos hortos urbanos, en función dos custos que comporte a subministración, tanto en alta como en baixa.

Artigo 23. *Tratamento de residuos*

- 1.- As persoas usuarias dos hortos serán responsables do axeitado tratamento dos residuos que se produzan na súa parcela conforme á normativa que resulte de aplicación. Os residuos orgánicos que se xeren deberán ser entregados nos puntos de recollida máis próximos habilitados para os efectos.
- 2.- Os residuos agrícolas deberán ser obxecto de compostaxe. E polo que se refire aos residuos derivados dos plásticos agrícolas que se xeraran nos hortos, deberán ser entregados nas condicións establecidas tanto legal como regulamentariamente.

Artigo 24. *Destino dos froitos da terra*

- 1.- As persoas usuarias terán dereito a dispoñer dos froitos que se deriven do cultivo da terra, pero unicamente os poderán destinar a consumo propio ou da súa familia.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

2.- Queda prohibida toda venda de produtos hortícolas que obteñan as e os usuarios dos hortos de ocio, ou calquera outra operación que comporte un tráfico xurídico mercantil.

3.- O Concello deixará sen efecto a autorización no suposto de que se descubra a venda ou o destino comercial dos produtos obtidos nos hortos.

Artigo 25. *Gastos de mantemento*

1.- A persoa usuaria do horto debe facerse cargo dos gastos de mantemento ordinario das instalacións, tales como a súa limpeza, a reposición dos elementos de peche de accesos (cadeados, ferrollos...), a reparación das mallas ou elementos que separen os hortos entre si, a reposición das ferramentas en caso de perda ou extravío dalgunha delas, a reparación dos sistemas de rega cando a avaría se deba ao uso diario e non comporte unha gran reparación, a adquisición dos produtos necesarios para o mantemento da terra e calquera outro gasto ordinario que sexa necesario acometer en función da deterioración das ferramentas e das instalacións provocado polo seu uso e aproveitamento diario.

2.- Os gastos de estrutura non incluídos no parágrafo anterior serán a cargo do propio Concello, sempre que non exista unha conduta negligente ou culpable da persoa usuaria do horto que dera lugar á deterioración ou dano nas instalacións. Para tales efectos, deberáselle dar coñecemento ao Concello, no prazo máis breve posible, de calquera incidencia que se produza sobre os hortos e que poida derivar en danos neles.

Artigo 26. *Inventario de materiais*

1.- O Concello de Lugo realizará un inventario dos bens que se entregan para o uso dos hortos urbanos, no que se incluírán todos os bens dos que se fai entrega, dende ferramentas, maquinaria, caseta para garda de ferramenta ata calquera outro tipo de instalacións (composteiros, regadío, etc.).

2.- As persoas usuarias serán responsables dos bens que se lles entregan. Deberán proceder á súa devolución ou reposición ao Concello unha vez rematado o prazo de concesión de uso do horto.

Artigo 27. *Educación ambiental*

1.- Os hortos urbanos poderán ser obxecto de visitas de escolares dos distintos centros educativos, co fin de dar a coñecer as actividades desenvolvidas neles, e inculcar os valores sobre a agricultura tradicional e ecolóxica.



2.- Para tales efectos, as persoas usuarias dos hortos virán obrigadas, dentro dos horarios de apertura destes, a permitir a entrada neles dos grupos escolares incluídos en visitas que organizase ou autorizase o Concello en colaboración coa Administración educativa ou outras administracións públicas.

3.- En tales casos, a persoa usuaria deberá colaborar, na medida das súas posibilidades, co persoal docente e demais persoas que acompañen ás e aos escolares, durante a estancia destes nos hortos, aportando os seus coñecementos sobre métodos de cultivo, especies usadas, ou calquera outro dato que suscite o interese das e dos escolares, fomentando, desta maneira as relacións interxeracionais e interculturais.

4.- Nos hortos urbanos poderase reservar ata un 10% das parcelas existentes para a impartición de cursos por parte do propio Concello ou doutros organismos ou entidades sen ánimo de lucro, no réxime que se estableza mediante convenio ou outro instrumento de colaboración.

TÍTULO IV

Réxime de responsabilidade

Artigo 28. *Responsabilidade por danos*

1.- Cada persoa usuaria dos hortos será individualmente responsable respecto dos actos que cause sobre da parcela que lle sexa obxecto de cesión de uso, e exercerá o uso sobre ela ao seu risco e ventura.

2.- A aceptación por parte da e do correspondente adxudicatario da autorización que habilite para o uso sobre os hortos comportará a asunción da responsabilidade derivada da ocupación.

3.- Respecto dos actos que produzan dano sobre as instalacións comunitarias, o Concello de Lugo poderá iniciar de oficio o procedemento correspondente para determinar as posibles responsabilidades das persoas adxudicatarias das parcelas. A dita responsabilidade será mancomunada cando non se poida determinar que o dano deriva directamente de actos propios dalgunha persoa ou dalgunhas ou dalgúns dos usuarios das parcelas.

4.- O Concello de Lugo en ningún caso será responsable dos danos e perdas que poidan causarse entre si as e os usuarios dos hortos ou a terceiras persoas.

5.- O Concello de Lugo non responderá por danos materiais ou persoais a causa de caídas, accidentes, golpes ou situacións semellantes que padezan as persoas autorizadas ou as e os seus acompañantes, nin dos danos dos hortos



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

debidos a fenómenos meteorolóxicos adversos tales como sarabiadas ou inundacións.

6.- O Concello de Lugo non asume responsabilidade de custodia, de tal xeito que non responderá dos danos, subtraccións ou actos vandálicos que poidan afectar aos hortos.

Artigo 29. *Prexuízos a terceiras persoas*

1.- As persoas usuarias dos hortos urbanos serán responsables dos posibles prexuízos a terceiras persoas que causaran no exercicio das súas facultades de uso e aproveitamento deles.

2.- Así mesmo, responderán das lesións ou danos que ocasionen sobre as ou os demais horticultores ou sobre as súas respectivas parcelas, cultivos e instalacións autorizadas.

3.- Deberase actuar coa debida dilixencia co fin de evitar calquera tipo de dano, molestia ou lesión sobre as e os demais usuarios dos hortos urbanos.

Artigo 30. *Indemnización por danos e perdas*

1.- En función das responsabilidades que se orixinen por parte das persoas usuarias, segundo o establecido nos artigos precedentes, estas quedarán obrigadas, para coa prexudicada, á correspondente indemnización polos danos ou lesións causados.

2.- No caso de que a responsabilidade se orixinase por danos ás instalacións que se ceden para o seu uso, o dereito a reclamar a correspondente indemnización exercerase por parte do Concello de Lugo baseándose nas normas de dereito administrativo que sexan aplicables.

3.- Se os danos ou lesións se producen sobre calquera persoa usuaria dos hortos ou terceiras alleas, a responsabilidade esixirase por parte destas baseándose no establecido no artigo 1902 do Código civil.

4.- No suposto de actos vandálicos cometidos por terceiras persoas, as persoas usuarias dos hortos urbanos daránlle inmediatamente coñecemento ao Concello de Lugo.

Artigo 31. *Restauración ao estado de orixe*

1.- Os hortos serán devoltos en condicións análogas ás que tiñan cando foron cedidos á persoa adxudicataria, sen que a terra sufrise modificacións

substanciais por aportes externos, agás os fertilizantes orgánicos ou os expresamente autorizados polo Concello de Lugo.

2.- As persoas titulares do uso sobre os hortos, nos casos de deterioración nas instalacións, que non fora o normal a causa do uso diario, deberán repoñer ou restaurar as cousas ao seu estado de orixe.

3.- No suposto de que algunha persoa usuaria non cumprise coa súa obriga de reparar, poderá facelo directamente o Concello a custa daquela, exercendo as potestades para o reintegro que ten a Administración para estes supostos.

TÍTULO V

Organización dos hortos urbanos

Artigo 32. *Órganos e persoal adscrito á xestión dos hortos urbanos*

1.- Sen prexuízo das responsabilidades que recaen sobre as persoas adxudicatarias dos hortos, nos termos expostos no anterior título IV, o Concello levará o seguimento da xestión daqueles, co fin de acreditar a conformidade dos labores realizados polas persoas usuarias ao establecido nesta ordenanza e demais normativa que resulte de aplicación.

2.- A tales fins, o órgano local competente designará o persoal técnico que resulte capacitado para levar a cabo as funcións de seguimento dos hortos. Este persoal terá as facultades de control, recompilación de información e inspección, ademais de poder ditar as instrucións precisas ás e aos distintos adxudicatarios en relación co bo funcionamento dos hortos e a consecución dos fins que se pretenden na autorización de uso sobre eles.

Artigo 33. *Comisión técnica de seguimento*

1.- Para o exercicio das funcións relacionadas no artigo anterior, deberase constituír, por acordo do órgano local competente, unha comisión técnica de seguimento integrada por:

- a) A/O Concelleira/o Delegada/o con competencias en materia de Medio Ambiente, que actuará como presidenta/e da comisión.
- b) A/O Xefa/e de Servizo de Medio Ambiente, que exercerá as funcións da secretaría.
- c) Unha/Un técnica/o do Servizo de Medio Ambiente, Sección Parques e Xardíns.
- d) Dúas/Dous vogais representantes das persoas usuarias dos hortos urbanos, elixidas/os entre elas.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

e) Ocasionalmente, a petición de calquera dos membros da comisión, poderán asistir, con voz pero sen voto, persoas técnicas ou expertas que poidan aportar os seus coñecementos especializados á comisión.

2.- A comisión reunirase trimestralmente con carácter ordinario e extraordinariamente cando así o decida a/o presidenta/e ou o solicite un terzo dos seus membros.

3.- As funcións da comisión técnica de seguimento serán as seguintes:

- a) O seguimento do funcionamento dos hortos urbanos.
- b) Recoller as suxestións das e dos usuarios e facer propostas de mellora.
- c) Informar dos conflitos e incidencias relativos ao uso dos hortos.
- d) Aprobar os documentos ou guías de boas prácticas en relación co uso e os labores desenvolvidos nos hortos.
- e) Aprobar os plans de mellora na xestión dos terreos ou as recomendacións que persigan o mellor rendemento, dende un punto de vista ecolóxico, ambiental ou educativo daqueles.
- f) Calquera outra que lle sexan atribuídas.

Artigo 34. *Persoal técnico*

1.- O Concello de Lugo adscribirá ao seguimento da xestión dos hortos o correspondente persoal técnico cos coñecementos necesarios para garantir un adecuado desenvolvemento do programa municipal de hortos urbanos.

2.- Asignarase a este persoal o exercicio dos seguintes cometidos:

- a) Seguimento da xestión e mantemento do recinto, espazos individuais e comúns.
- b) Dar instrucións precisas ás persoas usuarias dos hortos en relación con calquera aspecto relacionado coa xestión, uso e mantemento dos hortos.
- c) Velar polo seu adecuado uso.
- d) Fomentar a agricultura ecolóxica nos hortos, para o cal se organizarán actividades formativas e divulgativas entre o persoal usuario.
- e) Asesorar ás persoas adxudicatarias na utilización de auga, fertilizantes, sementes e demais produtos de acordo cos criterios da agricultura ecolóxica.
- f) Xestionar as necesidades ordinarias das persoas adxudicatarias, sempre que o requiran e xestionar os temas e asuntos de carácter xeral que poidan xurdir.
- g) Xestionar e levar o seguimento do programa de compostaxe nos hortos.
- h) Inspeccionar o estado dos hortos e o inventario de materiais que se entreguen coa adxudicación dos terreos e propoñer, se é o caso, a reposición deles, ademais de orientar na adquisición de sementes, fertilizantes e praguicidas.



i) Programar as actuacións complementarias ao uso e xestión dos hortos e a realización dunha memoria anual das actividades.

TÍTULO VI Réxime disciplinario

Artigo 35. *Regras xerais*

1.- As e os usuarios dos hortos urbanos estarán obrigadas e obrigados ao cumprimento de todo o establecido nesta ordenanza e no non previsto nela polo disposto na Normativa sobre bens das entidades locais

2.- Calquera conduta contraria aos preceptos da ordenanza que se atope tipificada como infracción será sancionada polo Concello.

3.- As persoas usuarias que por dolo, culpa ou negligencia, ou aínda a título de simple inobservancia, causen danos nas instalacións ou parcelas demaniais nas que se sitúen os hortos urbanos, ou contrarien o seu destino propio e as normas que os regulan, serán sancionadas con multa administrativa cuxo importe se establecerá entre o tanto e o duplo do prexuízo ocasionado, sen prexuízo da reparación do dano e da restitución do ben ocupado.

4.- A gradación e determinación da contía das sancións atenderá aos seguintes criterios:

- a) A gravidade do dano causado.
- b) O beneficio que tivera obtido a persoa infractora.
- c) A existencia ou non de intencionalidade.
- d) A reincidencia pola comisión nun prazo dun ano dunha ou máis infraccións da mesma natureza, e así fosen declaradas por resolucións firmes.

5.- Cando a contía da multa resulte inferior ao beneficio obtido pola persoa infractora, a sanción será aumentada ata o importe no que se beneficiase, co límite máximo do tanto ao duplo do prexuízo causado.

6.- Para os efectos previstos nesta ordenanza, terán a consideración de infracción as seguintes condutas, levadas a cabo, ben polas persoas usuarias dos hortos, ben por terceiras persoas alleas a eles:

- a) Ocupar bens sen título habilitante.
- b) Utilizar os bens demaniais contrariando o seu destino normal ou as normas que o regulan.
- c) Causar danos materiais aos bens.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

7.- A responsabilidade das persoas usuarias poderá ser principal ou directa, no suposto de que sexan elas e eles mesmos as e os autores da conduta infractora, ou ben subsidiaria, cando a ou o autor dos feitos sexa persoa allea ás instalacións, pero actuase coa benevolencia da persoa usuaria ou por negligencia desta, ao permitir a entrada de terceiras persoas sen autorización.

Artigo 36. *Inspección*

1.- De conformidade co establecido no artigo 34.2 desta ordenanza, o persoal técnico designado polo Concello de Lugo poderá realizar as actuacións de inspección sobre as instalacións cedidas dentro dos horarios establecidos para o desenvolvemento dos labores agrícolas. O dito persoal terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das facultades de inspección.

2.- Ademais do persoal técnico, a Policía Local poderá, igualmente, realizar funcións de inspección e acudir aos hortos en caso de controversias ou incidencias na súa xestión entre as persoas usuarias ou con terceiras persoas.

3.- As e os usuarios dos hortos urbanos deberán facilitarlles ás ditas persoas o acceso aos hortos, así como dar a información que lles requiran para o seguimento da xestión, uso e aproveitamento que se leve a cabo.

Artigo 37. *Protección da legalidade*

As accións ou omisións que contraveñan o disposto nesta ordenanza poderán dar lugar á adopción das medidas que a continuación se establecen, que serán impostas polo procedemento previsto para cada unha delas pola lexislación vixente:

- a) Obriga de reposición e reparación do alterado ao seu estado orixinario, así como de pagamento da indemnización de danos e perdas.
- b) Adopción de medidas cautelares de acordo co establecido na normativa aplicable.
- c) Execución subsidiaria das ordes administrativas
- d) Imposición das sancións oportunas por comisión de infracción administrativa.

Artigo 38. *Infraccións*

1.- Considerase conduta infractora toda acción ou omisión, levada a cabo polas persoas usuarias dos hortos ou por persoa allea a eles, que contraveña o disposto nesta ordenanza ou en calquera outra normativa que resultase de aplicación.

2.- As infraccións clasifícanse en leves, graves ou moi graves.



3.- Terán a consideración de infracción leve as seguintes condutas:

- a) Non destinar os hortos urbanos ao cultivo e plantación daquelas especies vexetais propiamente hortícolas que, se é o caso, queden concretadas na autorización que se lles conceda ás persoas adxudicatarias.
- b) Permitir o paso ás instalacións de persoas alleas a elas, agás que sexan familiares, persoas que acompañen ocasionalmente á persoa usuaria, escolares ou persoal autorizado.
- c) A tenza de animais nos hortos.
- d) A presenza de vehículos de tracción mecánica nos hortos que non foran destinados exclusivamente ao cultivo e labrado deles.
- e) Non acatar as instrucións do persoal técnico do Concello en relación co uso dos hortos, así como as que se acordasen na comisión técnica de seguimento.
- f) Calquera outra infracción a esta ordenanza que non tivese a cualificación de infracción grave ou moi grave.

4.- Terán a consideración de infracción grave as seguintes condutas:

- a) Incumprimento no mantemento das instalacións que se ceden para o uso, cando se orixinasen graves prexuízos ou deterioracións naquelas.
- b) A realización de obras ou modificacións na parcela, que non estivesen previamente autorizadas polo Concello ou provocaran un prexuízo grave nela.
- c) Causar molestias ás demais persoas usuarias dos hortos urbanos que estas non tiveran o deber de soportar e sempre que lles provocaran un prexuízo grave.
- d) A cesión do uso do horto a terceiras persoas non autorizadas para iso polo Concello.
- e) Cultivar especies vexetais ou plantas que provoquen unha deterioración da terra, do solo ou do subsolo.
- f) A instalación de grellas, pendellos, espantallos ou demais elementos non permitidos nos hortos.
- g) A queima de restos do cultivo ou calquera outro non permitido nos hortos.

5.- Terá a consideración de infracción moi grave a comisión dos seguintes feitos:

- a) As lesións que se lles causen ás demais persoas usuarias dos hortos urbanos por actos propios cometidos por calquera persoa usuaria ou terceiras persoas que a acompañen.
- b) Provocar unha grave contaminación do solo ou subsolo.
- c) Impedir o normal desenvolvemento do aproveitamento ou uso dos hortos polas demais persoas usuarias.
- d) Impedir ou obstruír o normal funcionamento dos hortos.
- e) Causar unha deterioración grave e relevante nas instalacións que se ceden e/ou na parcela no seu conxunto.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

f) Produción de plantas exóticas ou psicotrópicas cuxo cultivo ou sementeira estivesen prohibidos.

g) Comercializar os produtos obtidos do cultivo dos hortos urbanos.

h) Falsear os datos relativos á identidade, idade ou calquera outro relevante para a adxudicación do uso dos hortos ou a suplantación de identidade.

6.- A comisión dalgunha infracción grave ou moi grave por parte da persoa titular da autorización dará lugar á súa revogación, sen prexuízo da sanción que, se é o caso, se impoña. A revogación non dará lugar ao aboamento de ningún tipo de indemnización á persoa usuaria.

7.- Sen prexuízo do disposto anteriormente, cando a conduta levada a cabo por algunha persoa usuaria revestise carácter de delito, poranse os feitos en coñecemento da autoridade xudicial competente para a depuración das posibles responsabilidades de tipo penal que se puidesen derivar, e sen prexuízo do inicio das accións legais oportunas por parte do Concello como parte prexudicada.

Artigo 39. Sancións

1.- Para a imposición e determinación das correspondentes sancións, teranse en conta os criterios de gradación establecidos no artigo 36.4 desta ordenanza.

2.- As infraccións leves sancionaranse con multa de 60 a 3.000 euros.

3.- As infraccións graves sancionaranse con multa de 3.005 a 15.000 euros.

4.- As infracción moi graves sancionaranse con multa de 15.005 a 30.000 euros.

5.- No suposto de que se causasen danos ás instalacións comprendidas nos hortos urbanos, a persoa usuaria responsable virá obrigada a repoñer as cousas ao seu estado de orixe, reparando o dano ocasionado.

6.- A revogación da autorización, conforme se prevé no apartado 6 do artigo anterior, no terá carácter de sanción.

Artigo 40. Procedemento sancionador

A imposición de sancións ás persoas infractoras esixirá a apertura e tramitación do oportuno procedemento sancionador, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable."



SEGUNDO.- Proceder a súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias.

INTERVENCIÓN

2/223 **APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE LUGO 2016.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar a Conta Xeral do Orzamento Xeral de 2016, co seguinte resumo:

LIQUIDACIÓN ORZAMENTO PROPIA CORPORACIÓN 2016

A) Resultado orzamentario do exercicio:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	79.292.900,13	68.038.594,65		11.254.305,48
b. Outras operacións non financeiras	1.975.886,22	11.009.008,66		-9.033.122,44
1. Total operacións non financeiras (a+b)	81.268.786,35	79.047.603,31		2.221.183,04
2. Activos financeiros	62.595,86	55.145,82		7.450,04
3. Pasivos financeiros	0	8.925.592,28		-8.925.592,28
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	81.331.382,21	88.028.341,41		-6.696.959,20
Axustes:				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			12.470.109,64	
5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			3.147.049,16	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			(2.168.034,37)	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				6.752.165,23 euros



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

Os **axustes do Resultado Orzamentario** veñen motivados polas seguintes consideracións:

A.Gastos financiados con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

Cando durante o exercicio orzamentario se tramitan modificacións do Orzamento de Gastos que se financian con RTGX, prodúcese un axuste ó Resultado Orzamentario polo importe das obrigas recoñecidas baseadas, precisamente, nese financiamento .

Exclúense deste axuste as obrigas recoñecidas e financiadas con Remanente de Tesourería afectado (Excesos de financiamento afectado), ó obxecto de evitar duplicidades entre o axuste por desviacións de financiamento e o relativo ó RTGX.

Segundo os datos aportados pola aplicación informático-contable e os datos derivados dos libros auxiliares así como do tratamento desa información por partidas de gastos verificados polo persoal adscrito ó servizo de Intervención, o total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2016 que se considera que se financiaron con **RTGX**, ascendeu á cantidade de **12.470.109,64 €, desglosadas do seguinte xeito :**

Obrigas recoñecidas derivadas de IRC financiadas con RTGX: a) Gasto corrente : 1.761.887,96 € b) Gasto de capital : 4.591.689,69 €	6.353.577,65
Obrigas recoñecidas derivadas de expdtes de MC no exercicio financiadas con RTGX (Suplementos de crédito e Crédito extraordinarios) a) Gasto corrente : 0 € b) Gasto de capital : 6.116.531,99 €	6.116.531,99

B.Desviacións de Financiamento en Gastos con Financiamento Afectado.

As desviacións de financiamento dun exercicio orzamentario, poden definirse como ás que se producen cando a execución de gastos que se financian total ou parcialmente con aportacións ou ingresos concretos non se produce acompañada á realización dos ingresos afectados ós mencionados gastos.

Estas desviacións poden ser positivas ou negativas segundo que os ingresos realizados (dereitos recoñecidos) superen ós que deberíanse terse executado en función do gasto realmente executado, ou viceversa.

Matemáticamente, as desviacións de financiamento se calculan segundo a seguinte fórmula:

$$DF = DR - \text{Coefic Fón} \times OR$$

Onde

DF : Desviación de Financiamento

DR : Dereitos recoñecidos netos vinculados ós gastos (Código de proxecto)

Coefic Fón : Coeficiente de financiamento

Importe dos ingresos afectados (Recoñecidos e previstos)

Importe dos gastos que financian (Recoñecidos e previstos)

OR ; Obrigas recoñecidas netas

Dende o punto de vista dos axustes ó Resultado Orzamentario ou Remanente de Tesourería, distínguense as seguintes clases de desviacións de financiamento:

a. Desviacións acumuladas: Refírense á totalidade do realizado para un gasto con financiamento afectado, dende o seu inicio ata o final dun determinado exercicio orzamentario. As desviacións acumuladas positivas conforman os Excesos de Financiamento Afectado, que conforman un compoñente do Remanente de Tesourería Total.

b. Desviacións imputables ó exercicio: son as que se producen na execución do orzamento que se liquida, e se obtén como resultado da comparación entre os dereitos recoñecidos durante o exercicio, por axente e concepto orzamentario, e a contía resultante de multiplicar os respectivos coeficientes polas obrigas recoñecidas durante o exercicio orzamentario. Tales desviacións, axustan ó Resultado Orzamentario: as positivas, réstanse , e as negativas, súmanse.

B.-Remanentes de crédito:

Créditos definitivos.....	109.122.474,54
Obrigas recoñecidas.....	88.028.341,41
Diferenza.....	21.094.133,09
Remanentes de crédito comprometidos.....	7.770.322,57
Remanentes de crédito non comprometidos.....	13.323.810,52
a) Autorizados : 2.198.056,53	
b) Rc pendentes e non dispoñibles : 3.656.610,87	
c) Saldos de créditos : 7.469.143,12	

C. -Remanente de Tesourería

COMPOÑENTES	IMPORTES € ANO 2016	
1. (+) Fondos líquidos		12.811.324,18
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		33.404.159,44
- (+) do Orzamento corrente	11.012.434,38	
- (+) de Orzamentos pechados	18.832.421,78	
- (+) de operacións non orzamentarias	3.559.303,28	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		(6.375.245,26)
- (+) do Orzamento corrente	1.278.166,31	
- (+) de Orzamentos Pechados	10.248,89	
- (+) de operacións non orzamentarias	5.086.830,06	
4. Partidas pendentes de aplicación		-479.998,27
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	(484.457,18) 4.458,91	



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	39.360.240,09
II. Saldos de dubidoso cobro (*)	(17.349.902,71)
III. Exceso de financiamento afectado (**)	(1.874.226,62)
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	20.136.110,76
V. Afectación RTGX IFS Art 32 (***)	(0,00)
VI. Acreedores dev ingreso (Axuste Ministerio Plataforma). Saldo Cuenta 418	(103.937,12)
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais dispoñible (I-II-III)- V-VI -VII (***)	20.032.173,64

(*) Saldos de dubidoso cobro: Ver aclaración no apartado correspondente (xúntanse ó expediente os estados de liquidación de exercicios cerrados e informe da Tesourería Municipal, de data 15/03/2016)

(**) Excesos de Financiamento Afectado : Ver **Anexo** que se xunta cos estados de gastos con financiamento afectado.

(***) Disposición final primera. Modificación del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.: Inversiones Financieramente Sostenibles

(****) Compromisos plenarios : Afectación acordo plenario

EVALUACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA SEGUNDO
CRITERIOS DO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS (SEC-95)

Estado da liquidación exercicio 2016 Operacións Non Financeiras

CAPÍTULOS DE GASTOS/ INGRESOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS
Capítulo 1	23.987.081,80	35.681.313,63
Capítulo 2	40.140.191,87	2.966.613,65
Capítulo 3	296.141,22	18.774.274,88
Capítulo 4	3.615.179,76	21.437.063,02
Capítulo 5	0,00	433.634,95
Capítulo 6	7.921.835,50	15.501,80
Capítulo 7	3.087.173,16	1.960.384,42
Subtotais	79.047.603,31	81.268.786,35
Superávit (capacidade) orzamentario financiamento		2.221.183,04



Evaluación obxectivo de estabilidade orzamentaria : 2.221.183,04 €
Axustes : +1.655.589,60 €
Superávit en termos de contabilidade nacional : 3.876.772,64 euros

AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO. LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2016

ESTADO RESUMO (MODELOS MINISTERIO PLATAFORMA REMISIÓN DATOS)

TOTAL GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2015 (1)	66.754.685,61
TOTAL GASTO COMPUTABLE LIQUIDACIÓN 2016(2)	71.971.621,27
TASA DE VARIACIÓN GASTO COMPUTABLE 2016/2015 (2)/(1)	7,8150854%
TASA DE REFERENCIA MÁXIMA	1,8%
CONCLUSIÓN :	Incumprimento
Cumprimento/Incumprimento do Obxectivo Regra de Gasto	

AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DÉBEDA VIVA A 31/12/2015. LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2015

ANÁLISE DA DÉBEDA VIVA Disposic 74 LXE 2014 en relación Disposic Final 31 Lei 17/2012 PXE

Débeda financeira 31/12/2016	Débeda financeira proxectada 31/12/2017	Débeda financeira 31/12/2016 sen incidencia devolución PTE 2008 e 2009 e 2013	Débeda financeira 31/12/2017 sen incidencia devolución PTE 2008 e 2009
9.173.550,97	7.252.564,97	5.507.530,73	4.319.748,57
	-Operación proxectada 2017 : Non consta ningunha operación. Orzamento prorrogado do 2016€		Operación proxectada 2017 : Non consta ningunha operación. Orzamento prorrogado do 2016€



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

9.173.550,97	7.252.564,97	5.507.530,73	4.319.748,57
Avaliación con aplicación das anteriores hipóteses			
	7.252.564,97		4.319.748,57

Observacións:

-Non consta a eventual estimación de operacións novas proxectadas á data do presente informe, tendo en conta ademais a situación de prórroga orzamentaria vixente

-Sen consideración da eventual amortización anticipada derivada da liquidación 2016 : Aplicación Superávit orzamentario (Art 32 LO 2/2012): Non se ten en conta a posible incidencia da redución do endebedamento mediante a amortización anticipada, en aplicación do artigo 32 da LO 2/2012, á vista do escenario da eventual aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado para 2017 que asuma a aplicación para o exercicio 2017 das alternativas de aplicación do importe do superávit orzamentario en termos de Contabilidade Nacional diferentes da amortización anticipada e definidas pola LO 9/2013 e Real Decreto-Lei 2/2014, correspondendo ós órganos xestores a súa determinación sen prexuízo da acreditación do previo cumprimento dos requisitos e condicións que estableza a normativa que posibilite a prórroga da vixencia establecida na lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2016 (Disposición adicional **octoxésima segunda**. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2015.)

Liquidación exercicio 2016 : 79.292.900,13 euros

Tendo en conta que para o Análise da débeda ós efectos de procedemento para a concertación de operacións de endebedemento **non se considera** a débeda motivada polas **liquidacións negativas da PIE 2008, 2009,e 2013**

-Débeda financeira a 31/12/2016 : 5.507.530,73 euros

-Nova operación endebedamento proxectada 2017: A data do presente informe, non consta ningunha operación proxectada (vixencia de prórroga orzamentaria)

-Total : 5.507.530,73 euros

A efectos do límite de endebedamento respecto da autorización para a concertación da operación:

Débeda financeira/ Dereitos liquidados op correntes 2016: 6,95%(*)

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do límite que estableceu o Real Decreto Lei 8/2010, do 75% vixente para o exercicio 2016, aplicable como límite para a autorización para a concertación de novas operacións de préstamo durante

este exercicio.

CONCLUSIÓNS

- ☒ **Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria** : Superávit orzamentario en termos de estabilidade orzamentaria (Contabilidade Nacional SEC 95)
(...)

- ☒ **Incumprimento obxectivo de regra de gasto**
(...)

- ☒ **Cumprimento dos límites da débeda viva**

CONTA ANUAL DO EXERCICIO 2016 DE EVISLUSA

A Corporación Municipal de Lugo, en funcións de Xunta Xeral da EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO DE LUGO, S.A., celebrou o día vinte e nove de xuño de dous mil dezasete, no salón de Sesiões da Casa Consistorial, Xunta Xeral UNIVERSAL, adoptando, os acordos que se conteñen na acta da dita sesión que de seguido se transcribe literalmente:

PRIMEIRO.- Aprobar as Contas Anuais correspondentes ao exercicio do 2016, asinadas por todos os membros do órgano administrativo vixente asistentes.

SEGUNDO.- Aplicar o resultado do exercicio nos seguintes termos:

BASE DO REPARTO:

BASE DO REPARTO:

Perdas e ganancias do exercicio..... 1.257,40 €

TOTAL 1.257,40 €

APLICACIÓN:

Reservas Voluntarias 1.257,40 €

TOTAL..... 1.257,40 €

TERCEIRO.- Dar conta do informe de xestión previsto no artigo 262 da lei de Sociedades de Capital, segundo o informe elaborado polo Director Xerente da Empresa.

CUARTO.- Dar conta do informe de auditoría de contas do exercicio 2016, incorporado ó expediente, xa que, de cara a un maior control e transparencia, as referidas contas anuais foron sometidas á verificación de auditor, aínda que a Sociedade cumpre, na data de peche do exercicio, os requisitos establecidos no



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

título 7º do R.D.L. 1/2010 do T.R. da Lei de Sociedades de capital e non sería esixible informe de auditoría.

ESTADOS CONSOLIDADOS 2016

DECRETO núm 17007536 de data 31/08/2017

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2016 - LIQUIDACIÓN

ESTADO DE GASTOS	LIQUIDACIÓN ORZAMENTO O CORPORACIÓN (ORN)	ORZAMENTO EVISLUS A	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
Gastos de Persoal.	23.987.081,80	224.388,88	0,00	0,00	24.211.470,68
Gastos en Bens Correntes e Servizos.	40.140.191,87	22.014,25	0,00	0,00	40.162.206,12
Gastos Financeiros.	296.141,22	570,46	0,00	0,00	296.711,68
Transferencias Correntes.	3.615.179,76	0,00	-240.749,16	6.224,43	3.368.206,17
Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	68.038.594,65	246.973,59	-240.749,16	6.224,43	68.038.594,65
Investimentos Reais.	7.921.835,50	843,00	0,00	0,00	7.922.678,50
Transferencias de Capital.	3.087.173,16	0,00	0,00	-843,00	3.086.330,16
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.009.008,66	843,00	0,00	-843,00	11.009.008,66
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	79.047.603,31	247.816,59	-240.749,16	7.067,43	79.047.603,31
Activos	55.145,82	0,00	0,00	0,00	55.145,82



Financeiros.					
Pasivos Financeiros.	8.925.592,28	0,00	0,00	0,00	8.925.592,28
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	8.980.738,10	0,00	0,00	0,00	8.980.738,10
Total	88.028.341,41	247.816,59	-240.749,16	7.067,43	88.028.341,41

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2016 - LIQUIDACIÓN

ESTADO DE INGRESOS	LIQUIDACIÓN N ORZAMENTO CORPORACIÓN (DRN)	ORZAMENTO NTO EVLUS A	TRANSFERENCIAS A ELIMINAR	AXUSTES A REALIZAR	ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO
Impostos Directos.	35.681.313,63	0,00	0,00		35.681.313,63
Impostos Indirectos.	2.966.613,65	0,00	0,00		2.966.613,65
Taxas e Outros Ingresos.	18.774.274,88	590,00	0,00		18.774.864,88
Transferencias Correntes.	21.437.063,02	240.749,16	-240.749,16		21.437.063,02
Ingresos Patrimoniais.	433.634,95	19,12	0,00		433.654,07
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	79.292.900,13	241.358,28	-240.749,16		79.293.509,25
Alleamento de Investimentos Reais.	15.501,80	0,00	0,00		15.501,80
Transferencias de Capital.	1.960.384,42	0,00	0,00		1.960.384,42
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	1.975.886,22	0,00	0,00		1.975.886,22
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	81.268.786,35	241.358,28	-240.749,16		81.269.395,47
Activos	62.595,86	0,00	0,00		62.595,86



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

Financeiros.					
Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00		0,00
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	62.595,86	0,00	0,00		62.595,86
TOTAL	81.331.382,21	241.358,28	-240.749,16		81.331.991,33

3/224 EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA: SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 4/2017. LIQUIDACIÓN TRIBUTARIA SEGUNDO ACTAS DE INSPECCIÓN DA AEAT ANOS 2013-2014-2015-2016.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito (4/2017) co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Denominación	Importe
93400.22604	Xurídicos, contenciosos	532.395,84 €

ESTADO DE INGRESOS.Financiamento:

Concepto	Denominación	Importe
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	532.395,84 €

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispondrá dun prazo dun mes para resolvelas.

PROPOSICIÓNS

4/225 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 425/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RETIRADA DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, ACORDA:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo cumpra coa Lei 52/2007 en todos os aspectos que lle competen.

SEGUNDO.- Que o Concello de Lugo retire os elementos que homenaxean a ditadura Franquista dos edificios públicos da súa propiedade.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galiza a retirar os elementos que homenaxean a ditadura Franquista dos edificios da súa propiedade, tendo en conta de forma concreta os edificios da Xefatura Territorial de Sanidade na rúa María Balteira, o IES Ollos Grandes e o IES Lucus Augusti.

CUARTO.- Trasladar o acordo ao Presidente da Xunta de Galiza.

5/226 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 427/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA AO PATRIMONIO DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para aprobar a rectificación e actualización do inventario dos bens e dereitos desta Corporación, de conformidade cos artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local e 34 do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

SEGUNDO.- Que se practiquen cantas actuacións resulten necesarias e se elaboren os documentos procedentes, así como os informes técnicos precisos para a identificación individualizada de cada ben ou dereito ao amparo do previsto nos arts. 20 e seguintes do Real Decreto 1372/1986 do 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Que se elabore un Regulamento do Inventario Xeral do Concello de Lugo que recolla todos os bens e dereitos, incorporando as modificacións normativas en materia de Patrimonio e dese modo facilitar a xestión do patrimonio do Concello.

6/227 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 431/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE DETECCIÓN E ATENCIÓN A MENORES CON DISLEXIA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentado polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía -co engadido introducido durante o debate- e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a elaborar un plan para a inclusión dos menores con dislexia, de carácter multidisciplinar, que involucre esencialmente os ámbitos sanitario, educativo e social, así como á elaboración dunha guía de apoio aos educadores con a información imprescindible sobre todo o que se debe coñecer sobre a dislexia e outras DEA.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia a elaborar un plan de axudas ás familias que minimice calquera barreira socioeconómica para a superación da dislexia por parte dos menores afectados.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno municipal a establecer anualmente, no marco do Día Mundial da Dislexia, actos que permitan dar visibilidade a esta diversidade cognitiva favorecendo con iso a inclusión das persoas afectadas.

CUARTO.- Instar ao Goberno municipal a complementar a programación lúdica e cultural do Concello con actividades especificamente adaptadas a persoas con dislexia e que esas actividades sexan propostas polas asociacións ou entidades que traballen estes transtornos.

7/228 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 461/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á SINATURA DUN CONVENIO COA ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO RAMÓN FALCÓN.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular -coa modificación introducida durante o debate, e, en consecuencia, **ACORDA** instar ao Goberno Local a que promova un convenio coa Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón, co obxecto de elaborar un catálogo propio de mobiliario urbano, elementos arquitectónicos (medianeiras, muros...) para posteriormente emprender actuacións artísticas que permitan a súa posta en valor, e, unha vez definidos os espazos posibles, se poña en marcha un concurso de ideas no que poidan participar todas e todos os interesados.

8/229 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 464/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REVITALIZACIÓN DO MERCADO E PRAZA DE ABASTOS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía -coas modificacións introducidas durante o debate, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao goberno municipal a rematar as obras de mellora e acondicionamento na planta baixa da Praza de Abastos.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a poñer en marcha un concurso público para completar mediante adxudicación a ocupación dos espazos dispoñibles que se atopan baleiros na Praza e o Mercado así como para regularizar, en execución do acordo plenario adoptado o 4 de maio de 2015, as concesións temporais caducadas valorando, na medida do legalmente posible, os investimentos feitos polos concesionarios e a súa experiencia.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno municipal a poñer en marcha de xeito inmediato a páxina web www.mercadodelugo.es, que foi financiada con fondos públicos e que se atopa fóra de servizo.

CUARTO.- Instar ao Goberno municipal a dinamizar o espazo do soto da Praza apostando polo mercado tradicional e as feiras temáticas e de produtos ecolóxicos, quilómetro cero e de tempada e buscando novas alternativas como podería ser a celebración das chamadas Pop Up Stores.

QUINTO.- Instar ao Goberno municipal poñer en marcha, de maneira acordada e conxunta cos praceiros, novos servizos como reparto a domicilio ou descontos no aparcadoiro público municipal de Santo Domingo para os usuarios e clientes da Praza e o Mercado.

9/230 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 466/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MODIFICACIÓN DA REGLA DE GASTO PARA PRIORIZAR A PRESTACIÓN DE SERVIZOS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Mixto (ACE-EU) e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Apoiar a Proposición de Lei presentada polo Grupo Parlamentario Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea no Congreso dos Deputados e da Proposición Non de Lei aprobada na Comisión de Facenda do Congreso o pasado luns 13 de novembro nas que se propón eximir da aplicación da regra de gasto ás Entidades Locais que presenten contas públicas saneadas.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno a aprobar a prórroga da aplicación das regras contidas na Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financiera (LOEPSF) e levar, posteriormente, unha modificación definitiva da lexislación nese mesmo senso.

TERCEIRO.- Instar ao Ministerio de Facenda a retirar a intervención das contas do Concello de Madrid, por resultar unha medida discriminatoria e exceder o establecido pola normativa vixente, coa única pretensión de castigar aos concellos que amosan que é prioritario poñer a Facenda Local e a economía ao servizo da maioría social e dos servizos públicos.

10/231 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 467/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O MANTEMENTO DOS NOVOS CANILES E CREACIÓN DUN NOVO.- O Excmo. Concello Pleno acorda aprobar a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** instar o Goberno Local a:

1. Mellorar o mantemento dos caniles para evitar que na época de choivas se converta nunha lameira, e se instalen equipamentos axeitados para os cans.



ACTAS E GOBERNO

JDR/jch

Refº: 17extractoap11

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-11-2017

2. Crear un novo canil nalguna das zonas verdes existentes na nosa cidade como pode ser no Parque Rosalía de Castro ou no Paseo do río Miño.

11/232 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 469/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA SOBRE VERTEDURAS DE AUGAS RESIDUAIS E A REDACCIÓN DOS PROXECTOS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO PARA O RURAL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal Lugonovo e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o goberno, á maior brevidade posible, presente ao Pleno, para a súa aprobación a Ordenanza Municipal Sobre Verteduras de Augas Residuais, adaptada ao Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

SEGUNDO.- Que o goberno elabore un cronograma para desenvolver, de forma progresiva, a redacción dos proxectos de abastecemento e saneamento das parroquias do rural coa fin de poder programar tamén o financiamento para a súa acometida.

TERCEIRO.- Instar á Xunta de Galicia que repercute no concello a totalidade do cobrado polo canon da auga e que habilite as partidas orzamentarias necesarias para que nunha proporción 70 a 30 en colaboración co Concello de Lugo se aborde a totalidade do saneamento e abastecemento das 54 parroquias do concello, solicitando, así mesmo, a colaboración da Deputación Provincial.

12/233 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 470/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE MODIFICACIÓN DA LEI GALEGA DE SAÚDE DO ANO 2008.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal de Lugonovo, coa redacción resultante da súa propia emenda, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Posicionarse a favor da retirada do Anteproxecto de Modificación da Lei Galega de Saúde.

SEGUNDO.- Solicitar a apertura dun proceso de debate e negociación participativa para:

. Manter e reforzar os hospitais comarcais coa fin de garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación en condicións de igualdade.

. Que as Xerencias de Atención Primaria recuperen a súa autonomía e capacidade resolutiva, promovendo e prevendo a saúde da poboación.

. Desenvolver e potenciar a formación, investigación e innovación con recursos públicos.

. Potenciar a Participación Social, sen exclusións, en todas as estruturas do sistema sanitario.

. Garantir a equidade de acceso ao sistema dos mellores profesionais e traballadores en base a criterios de igualdade, mérito e capacidade.”

TERCEIRO.- Dar traslado do seguinte acordo á Xunta de Galicia e aos grupos con representación no Parlamento de Galicia.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

13/234 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 16 DE OUTUBRO DE 2017, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.

14/235 DEUSE CONTA DO DECRETO NÚMERO 17009743 DO 9 DE NOVEMBRO DE 2017 RELATIVO Á NOVA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE VOCEIROS TRALAS DESIGNACIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS POPULAR E LUGONOVO.

TESOURERÍA

15/236 DEUSE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2017.

16/237 DEUSE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017.

17/238 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2017.

INTERVENCIÓN

18/239 DEUSE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN REPAROS 2016: ARTIGO 218 DO REAL DECRETO LEGISLATIVO 2/2004.

COMPARECENCIAS



19/240 COMPARECENCIA EN PLENO DA EXCMA. SRA. ALCALDESA, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, FORMULADA POLO GRUPO MIXTO (ALTERNATIVA CIDADÁ DE ESQUERDAS-ESQUERDA UNIDA), NÚMERO 396/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.-

20/241 COMPARECENCIA EN PLENO DA ILMA. SRA. DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, DONA ANA PRIETO NIETO, FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 414/2017 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DUN COORDINADOR PARA O PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL [CON]TRATO FEITO QUE FOI ANULADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE LUGO.-

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOLICITANDO A MEDALLA DE OURO DE GALICIA PARA O IES LUCUS AUGUSTI.

- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE LUGO ANTE A SITUACIÓN QUE ESTÁN A SUFRIR OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ASOCIACIÓNS E ONG'S A FAVOR DOS DEREITOS HUMANOS EN TURQUÍA.

D) MOCIÓNS DE URXENCIA

21/242 MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 472/2017 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE OS INMOBLES DA TINERÍA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, co engadido introducido pola emenda aceptada, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O pleno municipal de Lugo solicítalle formalmente á Xunta de Galiza o inicio dos trámites para o traspaso a propiedade municipal dos inmobles destinados a locais comerciais na Tinería que son actualmente propiedade do IGVS.

SEGUNDO.- O Concello de Lugo estudará, e solicitará traballar en conxunto coa Xunta de Galiza, de cara a buscar se existe algunha fórmula xurídica que permita o traspaso de ditos inmobles sen custe para as contas municipais.

TERCEIRO.- En caso de non ser posible a cesión, o Pleno do concello de Lugo acorda que no prazo de dous meses se inicien os trámites para adquirir os baixos da Tinería.

CUARTO.- Instar á Xunta de Galicia a que o diñeiro que se recade na venta ao Concello dos baixos, se destine integramente á compra de edificios no barrio da Tinería para a súa posterior rehabilitación.

Asdo.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO ACCIDENTAL.- Justo Díaz Rodríguez.

